

EXPEDIENTE: 2024/E001/000001

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, de data 16/05/2024 na que figuran as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

A selección foi regulada polas Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 10 de xaneiro de 2024 e pola Resolución da Alcaldía número 30/2024 de 26 de xaneiro de 2024, de corrección de erros. O anuncio e bases da convocatoria corrixidas foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 31 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 23) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación,

RESOLVO:

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de persoas candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro.

Número de orde	Apelidos e nome	DNI
1º	MOURELLE ROMERO, MARGARITA	***175***
2º	RIAL ESPERANTE, ADRIANA	***819***

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro .

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

Dodro, documento asinado dixitalmente

O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 235/2024 de 23/05/2024)

A secretaria-interventora, que da fe.